

**PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN QUE PRESENTA  
O SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO  
DE GALIZA (STEG)  
AO PLENO DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA  
DO DÍA 3 DE XUÑO DE 2015**





Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.6.2015  
Proposta de resolución nº 1.

## **FOMENTO DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE NO ÁMBITO EDUCATIVO**

O pasado 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, recordamos que, un ano máis, son moitas as cuestións pendentes en materia de igualdade dende o punto de vista da muller traballadora docente.

Denunciamos que a política educativa actual abandonou as políticas de igualdade de xénero. Non soamente non desenvolveu estratexias coeducativas, tales como implementar plans de igualdade de xeito xeneralizado ou promover a figura da persoa responsable de igualdade dentro do Consello escolar de centro, senón que reforzou as desigualdades de xénero coa nova reforma educativa, a LOMCE, lei que permite a segregación de alumnado por sexos e deixa de contemplar nos currículos materias que incorporaban temas de igualdade e respecto á diversidade, como era o caso de Educación para a cidadanía.

Recordamos que o sector docente, que é un dos máis feminizados, foi nos últimos anos un dos que máis sufriu precisamente os recortes.

Se xa a muller continúa sendo discriminada en xeral polo feito da maternidade, as mulleres substitutas e interinas embarazadas sofren outra discriminación, posto que non gozan hoxe en día dos mesmos dereitos laborais que as funcionarias. Á muller substituta con permiso de maternidade négaselle a posibilidade de solicitar a hora acumulada de lactancia ou de continuación dun permiso sen soldo para alongar o período de lactancia. Por outra banda, tamén se están á poñer trabas para exercer o dereito a unha licenza por risco durante o embarazo daquelas mulleres que traballan en centros educativos onde é case imposible adaptar o seu posto de traballo e a administración só responde con evasivas.

Aínda que educar en igualdade sexa un deber de toda a sociedade, é indubidablemente a escola a que pode axudar en grande medida a ese obxectivo. Hai que loitar por un mundo máis xusto e igualitario e educar ao alumnado neses valores para que saiba respectar os dereitos inalienables de todas as persoas que conviven, a metade destas, mulleres.

As mortes por violencia de xénero sobresáltannos e indignan máis que nunca, pero son insuficientes as accións que desde os organismos oficiais se levan a cabo para evitalas. Para erradicar a violencia de xénero hai que educar en igualdade. Os estudos máis recentes, como "Igualdade e prevención da violencia de xénero na adolescencia" (2011), realizado pola Universidade complutense de Madrid e o Ministerio de Igualdade coa colaboración das comunidades autónomas, conclúen que entre as novas xeracións perduran os estereotipos sexistas e que se están recuperando prácticas sexistas que pensabamos xa esquecidas; remítennos a numerosas prácticas cotiás nas parellas adolescentes que nin sequera elas

recoñecen como feitos discriminatorios e vexatorios. Son, pois, absolutamente necesarios máis medios e máis recursos para facer chegar ao alumnado nas nosas aulas a mensaxe de erradicación de todo tipo de violencia contra as mulleres e para desvelar e erradicar as violencias menores cotiás, os chamados micromachismos, que consolidan un sistema inxusto de desigualdade.

**Por todo o exposto, o Pleno da Xunta de Persoal Docente reclama:**

- Que se retomen as políticas activas de fomento da igualdade no ámbito educativo.
- Que se implementen de xeito xeneralizado plans de igualdade nos centros, para combater a pervivencia dos estereotipos e das prácticas sexistas.
- Que se aposte de maneira clara e decidida pola coeducación como modelo.
- Que cesen as subvencións de diñeiro público e os concertos educativos con centros que segregan por sexo o alumnado.
- Que se ampren e homologuen na norma laboral coas demais traballadoras docentes os dereitos das mulleres docentes substitutas e interinas embarazadas no tocante a lactancia, permisos e licenzas por risco no embarazo.
- Que se adiquen máis medios e máis recursos para facer chegar ao alumnado nas nosas aulas a mensaxe de erradicación de todo tipo de violencia contra as mulleres.

Pontevedra, 29 de maio de 2015



Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015.  
Proposta de resolución nº 2.

### **SOBRE A PARALIZACIÓN DE APLICACIÓN DA LOMCE EN GALIZA**

A LOMCE conta coa dubidosa honra de ter sido a primeira lei de educación aprobada coa oposición practicamente unánime da comunidade educativa e co único apoio, dentro do arco parlamentario, do partido que sustenta o actual Goberno.

A aplicación desta lei comezou no curso 2014/2015 con toda clase de eivas e problemas, mesmo de tipo normativo, derivados da improvisación e da falta dun desenvolvemento meditado e ben pautado de aspectos básicos como os novos currículos, as coordinacións de ciclo, os criterios de confección das novas programacións pedagóxicas, etc. , etc.

Resulta difícil de entender esa présa que tivo e ten o goberno do PP por aplicar a LOMCE sexa como sexa, mesmo que esa aplicación cause numerosos problemas prácticos no día a día dos centros e no labor das/os profesionais do ensino ou conte coa clara oposición dunha inmensa parte da comunidade educativa.

A propia evolución do panorama político e social que se vive nos últimos tempos torna máis evidente aínda que esta lei, sustentada no único apoio do partido actualmente no Goberno, carece de percorrido e está condenada a unha máis que necesaria derogación, que posibilite a apertura dun novo proceso de diálogo político e social para conseguir chegar a unha lei educativa baseada no consenso e que garanta un ensino público de calidade, gratuito, inclusivo, laico, coeducativo e universal.

Por todo isto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

ESIXE á Consellaría que paralice o actual proceso de implantación da LOMCE para o curso 2015/2016 e que non cause aínda máis perxuizos dos que xa leva creados coa implantación da mesma durante o curso 2014/2015.

Pontevedra, 29 de maio de 2015



Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015

Proposta de resolución nº 3.

## **SOBRE AS CONDICIÓN S SOCIOLABORAIS DO PROFESORADO GALEGO**

Aínda que o Goberno galego tentou "venderlle a moto" á cidadanía galega coa lei 11/2014 de orzamentos xerais de Galiza para o 2015 incluíndo nela unha disposición que o obriga á devolución ao funcionariado da famosa paga extra de decembro de 2012 e aínda que se presenta esa obriga de devolución como proba palpábel da presunta recuperación económica que está a experimentar o país, o fondo desa disposición adicional décimo sétima é ben diferente e deixa ver unha realidade diametralmente oposta á que pretende mostrar Núñez Feijóo.

Non é certo que o Goberno galego vaia devolver a extra de 2012. Nin tan sequera é certo que estea a cumprir as sentenzas xudiciais que determinan que ten a obriga de devolver, si ou si, 44 días devengados desa paga extra. O Goberno do Partido Popular o que fai é devolver tan só 22 días do total da paga extra substraída en 2012 e anunciar moi preto das eleccións municipais o reintegro doutra porción de paga extra de 2012 para, de novo, dar a sensación de ser un goberno cumpridor co seu funcionariado. Nada máis lonxe da realidade.

A situación empeora se nos comparamos co resto de territorios do Estado español. Tan só outras 5 comunidades autónomas están nunha situación tan negativa como a nosa, isto é, na que o funcionariado docente segue sen percibir integramente unha retribución cuxo dereito a cobrala foi xa gañado e recoñecido nos tribunais.

O colmo do esperpento é que o Goberno de Feijóo, como quen non quere a cousa, continúa quitando ano tras ano unha paga extra ao funcionariado docente galego. Dende 2013, efectivamente, a Consellería de Educación determinou que nas pagas extras de xuño e decembro íanse deixar de cobrar os complementos específicos (docente, sexenios, singular e cargos) de forma que todas as pagas extras dende 2013 ata hoxe seguen estando recurtadas entre un 40% e un 50%. En definitiva, do 2013 a hoxe o colectivo docente galego perdeu practicamente unha paga extra enteira cada ano transcorrido.

De novo, a comparativa co resto do Estado é tan reveladora como desoladora, pois tan só outras 5 comunidades autónomas están nesa mesma situación.

Por todo isto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

ESIXE á Consellaría:

- que anuncie de forma definitiva a devolución íntegra da paga substraída en 2012.
- que se ditamine a recuperación, con carácter retroactivo, dos complementos específicos que foron eliminados da paga extra no seu día polo goberno de Núñez Feijoo.

Pontevedra, 29 de maio de 2015



Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015.

Proposta de resolución nº 4

## **SOBRE SITUACIÓN DO PERSOAL RESPONSABLE DE MENOS DE 3 UNIDADES EN CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

O persoal responsable de menos de 3 unidades en centros de educación infantil e primaria asume tódalas funcións encomendadas ós órganos de goberno unipersoais (dirección, xefatura de estudos e secretaría) segundo o artigo 14º. 4. do Decreto 374/1996. Nese mesmo Decreto, no seu artigo 13º dise que "Os órganos unipersoais de goberno constitúen o equipo directivo do centro". Non teñen dereito a redución horaria lectiva ningunha, pero si teñen as mesmas obrigas que teñen os/as directores/as.

O persoal responsable de menos de 3 unidades en centros de educación infantil e primaria non ten nomeamento como director/a, polo tanto non puntúa no apartado 4.1 do baremo de prioridades na adxudicación de destinos por medio de concurso de traslados nos corpos de persoal funcionario docente que imparten docencia.

O persoal responsable de menos de 3 unidades en centros de educación infantil e primaria percibe unha cantidade relativa ao compoñente singular do complemento específico como desempeño de posto de traballo docente singular e non pola titularidade de órganos unipersoais de goberno.

En moitas CC.AA. do Estado este persoal ten nomeamento como director/a, puntuando no apartado 4.1 do baremo de concurso de traslados e percibindo unha cantidade relativa ao compoñente singular do complemento específico pola titularidade de órganos unipersoais de goberno.

Por todo o exposto, o **Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra solicita** da Consellería que proceda

- á creación dunha nova tipoloxía de centros (Tipo E) na que entren a formar parte os centros de menos de 3 unidades.

- ao nomeamento como directores/as do persoal responsable de menos de 3 unidades en centros de educación infantil e primaria.

- e que, cumpridas as dúas reclamacións anteriores, se puntúe no sucesivo no apartado 4.1 do baremo do concurso xeral de traslados o traballo desenvolvido neste tipo de centros.

Pontevedra, 29 de maio de 2015



Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015.

Proposta de resolución nº 5

### **SOBRE DEREITOS RETRIBUTIVOS DO PROFESORADO SUBSTITUTO**

Mediante a Orde do 28 de xuño de 2012 (DOG do 29/06/12) a Consellería de C. E. e O.U. suspendeu no seu día a aplicación do punto 12º da addenda do acordo do 20 de xuño de 1995 sobre acceso á función pública docente de profesor interino ou sustituto.

Como consecuencia desta suspensión, durante os anos 2012 e 2013, o persoal substituto docente que prestase polo menos cinco meses e medio de servizos no curso académico 2011-2012 ou 2012-2013 non tivo dereito a que se lle realizase un nomeamento polo mes de xullo e polos días de agosto que procedesen, unha vez deducidos os aboados por vacacións non gozadas.

Unha vez rematado o período de suspensión deses dous anos, a Consellería ampliouno unilateralmente *de facto* no curso 2013-14 e no que levamos de curso 2014/15, obviando a legalidade vixente.

Por todo o exposto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

SOLICITA que para o verán do 2015, a Consellería de Cultura, Educación e O.U. aplique a normativa en vigor, isto é, o punto décimo oitavo da Resolución do 31 de xullo de 2013 (DOG do 12/08/2013) sobre *Dereitos retributivos do profesorado substituto*.

Pontevedra, 29 de maio de 2015



Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015.

Proposta de resolución nº 6.

**SOLICITANDO QUE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U DEIXE DE RETRASAR O PERÍODO DE APLICACIÓN E DE RECORTAR ORZAMENTARIAMENTE OS CONTRATO-PROGRAMA (PLANS PROA)**

Cada novo curso a resolución da convocatoria dos contratos-programa con centros educativos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria chega un pouco máis tarde que a anterior. O comezo da aplicación demorou este curso 2014/15 ata o mes de xaneiro, isto é, no comezo xa do segundo trimestre. Houbo, pois, todo un primeiro trimestre perdido para a atención desas necesidades que coa axuda do Plan Proa se deberían estar atendendo canto antes.

Por se isto non abundase, a Consellería reduciu drasticamente neste curso 2014/15 os fondos destinados a implementar este programa, tornando na práctica imposíbel a contratación de persoal externo aos planteis dos centros e deixando á “voluntariedade” do profesorado de cada centro en exclusiva a posibilidade de acollerse “de facto” ao plan. Cónstanos que non poucas solicitudes dos centros foron finalmente desbotadas por este novo recorte orzamentario decretado desde a Consellería, que pretende trasladar a responsabilidade última das consecuencias da súa política de recortes cara ao profesorado, ao que presenta ante a opinión pública como responsábel de que o alumnado con necesidades non reciba un apoio extra que resulta imprescándibél para que non acabe engrosando as cifras do fracaso escolar.

Por todo isto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente esixe** da Consellería que, no inmediato futuro, os contratos-programa

- a) comecen a aplicarse ao principio de curso, nunca máis tarde do primeiro trimestre;
- b) deveñan un programa de oferta universal, que se outorgue sen concorrencia competitiva e estea convenientemente dotado do punto de vista orzamentario, para que sirva de xeito eficaz na atención de necesidades e na eliminación de discriminacións na educación.

29 de Maio de 2015





Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015.

Proposta de resolución nº 7.

### **REXEITANDO A LEI ORGÁNICA DE SEGURIDADE CIDADÁ (TAMÉN CHAMADA “LEI MORDAZA”).**

O Congreso dos Deputados aprobou o pasado decembro de 2014 a Lei Orgánica de Seguridade Cidadá, cos únicos votos a favor do PP. Trátase dun novo golpe de *rodillo* parlamentario, deseñado á medida para intentar amedrentar e acalar os protestos sociais e sindicais, os movementos cidadáns, as mareas en defensa dos servizos públicos e todas as múltiples expresións de protesto contra as políticas involucionistas e de recortes sociais e laborais que estamos padecendo.

Esta Lei, catalogada con razón como “Lei Mordaza”, fai parte dun proceso de involución que estamos vivindo co Goberno actual e que supón a volta a un Estado de corte autoritario, por máis que conserve o envoltorio de democracia. Trátase dunha lexislación inspirada na Lei de Orde Pública de 1959, aplicada durante a ditadura franquista, e por iso ataca directamente as liberdades fundamentais e os dereitos de reunión e de manifestación. A nova lei pon en mans do Ministerio do Interior o que ata agora era competencia da Xustiza. Preténdese eludir así derrotas xudiciais que viñan colleitando as “autoridades políticas” coas súas inxustificables denuncias por “desordes” ou “desacatos” contra manifestantes ou movementos sociais e sindicais.

Esta Lei nace para reprimir con dureza, pola vía da forza ou da imposición de fortes multas, os máis que lexítimos protestos sociais que se veñen manifestando. Considera moi grave, con multas de 30.000 a 600.000 €, entre outras, celebrar manifestacións arredor do Congreso, do Senado ou dos Parlamentos e realizar manifestacións ou concentracións non comunicadas diante de infraestruturas básicas ou arredor de empresas que prestan servizos públicos. Considera grave, con multas de 601 a 30.000 €, entre outras, impedir un desafuzamento; gravar actuacións policiais e difundilas; negarse a disolver unha manifestación cando o requira a autoridade; desobedecer a un axente policial ou negarse a mostrar o DNI e interromper con protestos actos ou espectáculos públicos. Considera leve, con multas de 100 a 600 €, entre outras, as ocupacións ou acampadas na vía pública; colocar pancartas, autocolantes ou facer pintadas en edificios públicos; insultar membros dos corpos policiais e portar caretas ou pancartas que denigren a imaxe das autoridades.

Esta Lei afecta mesmo á Lei de Estranxeiría, legalizando as chamadas “devolucións en quente”, que privan ás persoas migrantes do dereito ao asilo e elimina as súas garantías recoñecidas pola lexislación internacional. É un paso máis, xunto coa reforma do Código Penal e a Lei de Seguridade Privada, no recorte das liberdades e na supresión de garantías.

Por todo o exposto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

a) rexeita tallantemente esta reacción involucionista diante do crecente conflito social provocado polos recortes e polas políticas antisociais que levan a cabo os Gobernos, tanto central como autonómico galego.

b) exhorta ás forzas con presenza no Parlamento estatal a derrogar canto antes esa Lei.

29 de maio de 2015





Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015.

Proposta de resolución nº 8.

### **CONTRA OS CONTIDOS HOMOFÓBICOS EN LIBROS DE TEXTO**

En datas recentes desatouse unha polémica pública a raíz da difusión nas redes de certos contidos do libro *Biología y Geología - Vida y Salud*, con ISBN 978-84-615-0665-1, utilizado nalgúns centros concertados de ideario católico e no que aparecen aseveracións como estas, de claro contido homofóbico e contrarias ás máis elementais normas de Dereitos Humanos que protexen a diversidade sexual e a identidade de xénero: *“La homosexualidad y la heterosexualidad no son equiparables desde el punto de vista de la salud. Esto se debe a la propia naturaleza de la relación homosexual, que supone asumir un mayor riesgo y suele asociarse con multiplicidad de parejas”*.

Consideramos intolerábel que nun centro educativo se impartan contidos que fomentan a homofobia e que atentan directamente non só contra as persoas LGTBi senón tamén contra o resto do alumnado, na medida en que está sendo adoutrinado en valores que perpetúan as discriminacións existentes por diversidade sexual.

Consideramos igualmente inadmisíbel que se manteñan concertos educativos (sostidos, por tanto, con diñeiros públicos) con centros que baixo o paraugas da “liberdade do propio ideario”, non só discriminan por razón de sexo, senón que adoutrinan contra as liberdades e os dereitos fundamentais das persoas: neste caso o da diversidade sexual e de identidade de xénero de cada individuo.

Non se pode consentir que desde 2007, data da primeira edición do citado libro, até hoxe, este non fose retirado das aulas polas autoridades competentes, cando é responsabilidade da Alta Inspección e da Inspección Educativa do Estado non *autorizar* previamente senón *supervisar a posteriori* os contidos curriculares e a interpretación que se fai deles nos libros e materiais curriculares utilizados polos centros educativos públicos e concertados de todo o Estado.

Por iso, **O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra esixe**

- a) que se aplique a normativa vixente en materia de respecto e protección da diversidade sexual e da identidade de xénero en relación a libros e materiais curriculares empregados en centros públicos e concertados.
- b) que se renoven todos aqueles textos que non só atenten senón que non fomenten a igualdade sen discriminación —por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero incluídas—, advertindo os centros que os utilizaren sobre as responsabilidades legais en que incorrerían por tal utilización.





Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015.  
Proposta de resolución nº 9.

## **SOBRE USO DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS NOS CENTROS EDUCATIVOS**

En datas relativamente recentes chegou aos centros educativos galegos unha carta de ton cuase ameazante por parte da empresa "Licencia Educativa EGEDA", unha entidade privada de xestión de contidos audiovisuais, na que, en connivencia coa Consellería de Educación, se ofrece "*a cobertura legal necesaria*" no caso de que o centro estivese reproducindo material audiovisual sen autorización dos propietarios dos contidos.

Isto supón, en primeiro lugar, un cambio no criterio da Administración, dado que, na circular 14/2014, xa daba instrucións e medidas a tomar para reproducir ese tipo de materiais. Díciase nesa circular, expresamente: "*os autores e editores non terán dereito a remuneración algunha pola realización destes actos*". Ademais, implicaría cargar aos centros cun gasto extra, que habería que sumar aos sucesivos anos de recortes que está a padecer o ensino público. Ese gasto iría por riba parar a mans de empresas privadas que teñen acordos descoñecidos ata agora coa Administración pública.

Defendemos que un ensino público e de calidade pasa pola utilización de todo tipo de materiais nos diferentes soportes que están a disposición, tanto do profesorado coma do alumnado. Consideramos, ademais, un despropósito que, na época en que é máis accesible para a comunidade educativa infinidade de documentación audiovisual e de ferramentas para mellorar a calidade do ensino, se pretenda restrinxir o seu acceso aos centros educativos en base a criterios estritamente economicistas e lucrativos.

Polo tanto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

- Rexeita calquera medida que, coma esta, sirva para privatizar e restrinxir o acceso universal aos recursos educativos e, por iso mesmo,

- Esixe

- Que a Consellería aclare de maneira directa e clara cal é a postura a adoptar polo profesorado nos centros con respecto á reprodución de materiais audiovisuais con fins educativos.
- Que, de ser precisa unha cobertura legal ao respecto, sexa a Consellería quen a garantice, e que non desprace a responsabilidade cara aos centros educativos.
- Que a Consellería garantice o libre acceso do profesorado a tódolos recursos que se consideren necesarios para levar a cabo o seu labor nun ensino público, universal e gratuíto.

29 de Maio de 2015





Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015.  
Proposta de resolución nº 10.

## **EN DEMANDA DE REDUCCIÓN HORARIA LECTIVA PARA O PROFESORADO MAIOR DE 55 ANOS ATA A IDADE LEGAL DE XUBILACIÓN, SEN MINORACIÓN DAS SÚAS RETRIBUCIÓN**

Son moitos os agravios comparativos que afectan ao profesorado galego en relación ao do resto do Estado a respecto de cuestións como os cobros salariais, a percepción da paga extra de 2012, a detracción de complementos específicos en todas as pagas extras dende aquela data, etc. Mais non son estes, por desgraza, os únicos indicadores das insatisfactorias condicións sociolaborais que o profesorado galego está aturando.

Unha das reivindicacións laborais máis relevantes que está aínda pendente de conseguir é a redución do horario lectivo ás persoas maiores de 55 anos ata a idade legal de xubilación, sen minoración das retribucións. Segundo o recollido na LOE (Lei Orgánica 2/2006, de Educación), nun artigo 105 que, convén salientalo, non foi modificado pola LOMCE (Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade Educativa), o profesorado docente maior de 55 anos pode acollerse a unha redución de xornada lectiva a petición propia. Mais para que se poida facer efectiva esa solicitude de redución de xornada, precísase que o citado artigo 105 da lei teña o correspondente desenvolvemento normativo en cada territorio con competencias plenas en materia educativa. Pois ben, na comunidade autónoma galega ese desenvolvemento nunca se fixo e segue pendente a día de hoxe, de maneira que o profesorado galego de máis de 55 anos non pode acceder, como si poden os doutros territorios autónomos, a ese beneficio sociolaboral contemplado na lei.

Analizando comparativamente a situación no resto do Estado, vese que son moi poucas, tan só 5 (Asturias, Canarias, Castela e León, Comunidade Valenciana e Galiza) as administracións educativas autonómicas nas que nunca chegou a aplicarse esta redución horaria. Así pois, a presidida por Núñez Feijóo é a única administración autonómica con transferencias plenas en materia educativa na que varios indicadores distintos colocan ao profesorado galego na peor das situacións sociolaborais de todo o Estado:

- Seguen sen cobrarse os complementos específicos eliminados das pagas extras de 2013 e 2014.
- Nunca se puido desfrutar nin se pode aínda a día de hoxe da redución horaria contemplada nas leis desde o ano 2006 para o profesorado maior de 55 anos.

Por todo isto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra insta** á Consellería de Educación a desenvolver normativamente, no prazo máis breve e, en todo caso, antes do comezo do vindeiro curso 2015/16, as normas e procedementos para o acceso por parte do profesorado maior de 55 anos a unha redución horaria lectiva, sen minoración das súas retribucións.



Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, 3.06.2015.  
Proposta de resolución nº 11.

### **ESIXINDO A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE DECRETO PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO**

A Consellería falta novamente ao respecto ao profesorado de Secundaria e Bacharelato cando pretende que faga a planificación das materias que vai impartir no próximo curso 2015-2016 a partir dun borrador de currículo feito público en abril e que o 21 de maio foi rexeitado, ademais, polo Consello Escolar de Galicia por 20 votos contra 17. Este rexeitamento do anteproxecto de decreto está a demostrar á administración educativa, por enésima vez, que está soa na defensa e na aplicación impositiva da LOMCE.

Ao igual que aconteceu o curso pasado coa Educación Primaria e a FP Básica, cando a Consellería publicou consecutivamente a finais de xullo, agosto e setembro as diferentes Ordes e Decretos que as regulaban, os prazos de tramitación que formula agora a Consellería para Secundaria e Bacharelato volven ser totalmente inaxeitados e supoñen unha falta de consideración absoluta coa Comunidade Educativa. Atopámonos practicamente ao final do curso escolar e é de supoñer que os trámites preceptivos no Consello Escolar de Galicia, Consello Consultivo e Consello da Xunta de Galicia adiarán a publicación do Decreto no DOG aínda varios meses, motivo polo cal se complica o labor dos equipos directivos e dos docentes para planificar o vindeiro curso, ao careceren de normativa a seguir para a regulación destas ensinanzas.

Este Decreto, ademais de introducir cambios curriculares importantes no ensino secundario obrigatorio e post-obrigatorio de Galiza (desaparece Educación para a Cidadanía, Valores Éticos incorpórase como alternativa á Relixión ou Ciencias da Natureza desdóbrase en Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química), modifica a distribución horaria de moitas materias, o que suporá o incremento da impartición de materias afíns, desprazamentos forzosos do profesorado por perda da carga lectiva ou a perda de postos de traballo.

Procúrase con este anteproxecto apartar do sistema educativo ao alumnado con diversidade funcional e/ou de entornos sociais desfavorecidos, pois establécense reválidas como requisito imprescindible para obter a titulación de ESO e de Bacharelato, non se contemplan medidas concretas de atención á diversidade e segrégase en itinerarios diferenciados ao alumnado dende 3º da ESO.

Por todo o exposto, **a Xunta de Persoal Docente de Pontevedra** manifesta o seu rexeitamento absoluto deste anteproxecto de Decreto para Educación Secundaria e Bacharelato e esixe á Consellería a súa retirada.

29 de Maio de 2015